

Convocatoria IV Edición do Programa Campus Rural

Prácticas universitarias na contorna rural

I. Obxecto

Convócanse **20 bolsas** de 3 meses de duración cada unha para estudantes de grao e máster oficial da Universidade da Coruña no marco do Programa Campus Rural de Prácticas universitarias na contorna rural.

O Programa Campus Rural é unha iniciativa desenvolvida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, en colaboración co Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, a Conferencia de Reitores de Universidades Españolas e a maioría de universidades públicas españolas, que permitirá que o alumnado universitario de calquera titulación oficial poida levar a cabo prácticas académicas en municipios de zonas rurais con problemas de despoboamento, a través de entidades cuxas dependencias estean situadas nas zonas obxecto da iniciativa, xa sexan concellos, mancomunidades ou outros organismos públicos, así como empresas, asociacións, Cámaras de Comercio e fundacións sen ánimo de lucro cuxa actividade se desenvolva nos ditos territorios.

O obxectivo perseguido é que o alumnado universitario de calquera titulación oficial poida completar a súa formación mediante a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares no ámbito rural, en zonas con problemas de despoboamento residindo nel, coñecéndoo en profundidade, convivindo e colaborando coa súa xente, de modo que poidan contemplalo como un lugar de oportunidades para o desenvolvemento do seu futuro persoal e profesional.

II. Dotación das bolsas

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico comprométese a aportar hasta un máximo de 71.936,10 €, o que equivale a un 90% do presuposto total do programa Campus Rural.

O importe da bolsa será de 1.000 € brutos mensuais, máis Seguridade Social. A estes 1.000 € se lles aplicará a retención correspondente a conta do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) e o custo da Seguridade Social será o que corresponda conforme á cota existente no momento de realización das prácticas.

A partida orzamentaria da UDC para o programa Campus Rural é 030A 24.09.76 422D 480.00.

III. Período de realización e duración das prácticas externas

As prácticas externas terán unha duración de **3 meses** en todos os casos. O alumnado pode elixir as datas de inicio e finalización, tendo en conta a súa situación académica dentro dun período comprendido entre o 1 de xuño de 2025 ata o 15 de novembro de 2025 (data límite das prácticas), sempre que manteña durante os 3 meses de duración a súa condición de estudante da UDC e que non se produzan interrupcións durante a súa realización.

A persoa estudante deberá residir no mesmo municipio no que realice as prácticas ou, na medida do posible, en municipios de similares características situados a unha distancia non superior a 20 km do municipio de realización da práctica, co visto bo da Universidade. De non ser posible, a persoa estudante deberá comunicar esta circunstancia á Unidade de Emprego (vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade), xustificando as causas obxectivas que motivan non poder residir no mesmo municipio de realización das prácticas.

IV. Requisitos para o alumnado

1. Estar matriculado/a nunha titulación que figure entre as descritas na oferta de prácticas externas.
2. Manter a condición de estudante durante todo o período das prácticas.
3. Ter superado o 50 % dos créditos necesarios para obter o título de grao, incluídos, como mínimo, todos os créditos correspondentes á Formación Básica. No caso do alumnado de máster, a porcentaxe anterior será do 25 % no momento de finalización do prazo de inscrición (según consta no Regulamento de prácticas externas do alumnado da Universidade da

Coruña, aprobado no Consello de Goberno de 23 de abril de 2013 e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27/02/2015, 29/09/2015, 29/05/2018, 04/06/2019 e 03/11/2022.

4. Non manter relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable con ningunha empresa, institución ou entidade no momento do inicio das prácticas.

V. Criterios de selección

1. Nota media do expediente académico, con dous decimais, considerada na data de remate de presentación de solicitudes.
2. No caso de similar nota media, terase en conta o maior número de créditos superados.
3. Ten preferencia no proceso de selección o alumnado que realice prácticas externas nunha provincia diferente á de onde cursa os seus estudos.
4. A titulación que está a cursar a persoa estudante debe coincidir coa solicitada pola entidade na oferta de prácticas (Anexo I).
5. Se seleccionarán 20 estudantes, preferentemente 10 estudantes das ramas de Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, y outros 10 das ramas de Ciencias, Ciencias da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura. Aplicaranse os criterios nomeados nos puntos 1., 2., e 3. do presente apartado de criterios de selección.
6. As persoas beneficiarias das prácticas, teñen que elixir, como mínimo, unha práctica e, por orde de prioridade, como máximo 5 da listaxe de ofertas presentadas no Anexo I desta convocatoria.
7. Se a unha persoa estudante se lle asigna a entidade que seleccionou en primeiro lugar, xa non pode cambiar á segunda opción elixida e así sucesivamente.
8. Se unha persoa estudante renuncia á asignación, non ten posibilidade de que se lle asigne outra entidade e esta pasa de novo á lista de entidades pendentes de asignación de estudantes.
9. As persoas estudantes non seleccionadas pasarán a integrar unha lista de agarda.

VI. Prazos

1. Presentación da solicitude: desde o día seguinte da publicación desta convocatoria até o día 10/04/2025.
2. Publicación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas: até o 24/04/2025.
3. Prazo de reclamacións: até o día 29/04/2025
4. Publicación da lista definitiva de persoas admitidas e, se procede, da lista de agarda: até o día 05/05/2025.
5. No caso de que a persoa estudante renuncie á práctica concedida, efectuaranse sucesivas adxudicacións seguindo a lista de agarda.

VII. Prazo de inscrición

1. Desde o día seguinte da publicación desta convocatoria no TEO (Taboleiro Electrónico Oficial) da Sede Electrónica da UDC até o día 10/04/2025.

VIII. Presentación de solicitudes

Para participar no programa o alumnado deberá cubrir e enviar formulario de inscrición que figura na seguinte ligazón web:

<https://www.udc.es/gl/emprego/practicas-campus-rural/>

IX. Compromisos das partes

a. Universidade da Coruña

- i. Establecerá o marco regulador das súas relacións con cada estudante e a entidade que propón as prácticas. Ademais, seleccionará as prácticas, entre as propostas e que cumpran cos requisitos establecidos.
- ii. Informará ás entidades colaboradoras que a súa proposta foi seleccionada para integrarse no Programa Campus Rural.
- iii. Realizará a xestión ordinaria das prácticas, aportando os instrumentos adecuados ao efecto e o seu seguimento.
- iv. En relación á persoa titora académica da Universidade, e tal e como indica o Regulamento de Prácticas da UDC, deberá velar polo normal desenvolvemento

do proxecto formativo e realizar un seguimento efectivo das prácticas en coordinación coa persoa titora da entidade colaboradora, entre outras cuestións.

b. Persoas estudantes

i. Cumprirán a normativa vixente relativa ás prácticas externas establecida pola Universidade.

ii. Deberán coñecer e cumprir co contido das prácticas seguindo as indicacións da persoa titora asignada pola entidade colaboradora, en coordinación coa persoa titora por parte da Universidade. Igualmente, deberán manter o contacto coa persoa titora académica da Universidade durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida suceder.

iii. Deberán incorporarse á entidade participante na data acordada, cumprindo o horario previsto no proxecto formativo e respectando a normativa vixente.

iv. Deberán elixir o período das súas prácticas de forma que non rematen os seus estudos durante a súa realización e perdan a condición de estudantes. O período de realización das prácticas debe contar co acordo da entidade.

v. Causarán baixa das prácticas no caso de perder a condición de estudantes da UDC.

vi. Comunicarán á Unidade de Emprego da UDC <emprego.vee@udc.gal> se durante o período de prácticas rematan os estudos nos que estean matriculadas e, polo tanto, perdan a condición de estudantes da UDC, agás que se volvan a matricular nun curso de continuidade ou nun posgrao oficial.

vii. Presentarán a renuncia á bolsa coa data na que cauxan baixa; de non ser así, o alumnado deberá devolver o custo da bolsa dende o momento en que perde a condición de estudante ou outros motivos polos que cause baixa.

viii. Deberán entregar a documentación persoal requirida para tramitar as prácticas con 15 días de antelación con relación á data do seu inicio. Esta documentación persoal remitirase a través do medio indicado na lista definitiva publicada no TEO da Sede Electrónica da UDC.

c. Entidades colaboradoras

i. Velarán polo normal desenvolvemento das prácticas, garantindo a posibilidade de asistencia a probas de avaliación que se realicen durante o período das prácticas.

ii. En relación á persoa titora designada pola entidade, e tal e como se indica no Regulamento de Prácticas da UDC, deberá acoller ao alumnado, organizar e

orientar a súa actividade de conformidade co proxecto formativo, e coordinar coa persoa titora académica da Universidade, o desenvolvemento das actividades contidas no proxecto formativo entre outras cuestións.

X. Comisión de selección

- María José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade
- José Luís Añón Teijido, adxunto á vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade
- 1 técnica da Unidade de Emprego:
 - María del Pilar Feal Rodríguez, técnica de emprego e asuntos xerais
 - Ana Beatriz Rivera Cores, técnica de emprego e asuntos xerais
 - Susana Gándara Carro, técnica de emprego e asuntos xerais
 - Janet Fernández López, técnica de emprego e asuntos xerais
 - María Inmaculada Muñoz Pliego, técnica de emprego e asuntos xerais

XI. Protección de datos

Os datos de carácter persoal proporcionados polas persoas solicitantes serán tratados a efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terán dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Os datos do alumnado seleccionado serán cedidos á entidade que o acollerá en prácticas coa fin de poder proceder á tramitación das mesmas. Terán dereito a solicitarlle á persoa responsable do tratamento de datos, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e á limitación do seu tratamento. Tamén terán dereito a opoñerse ao nomeado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, á portabilidade dos seus datos. Estes dereitos os poderán exercer mediante unha solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, r/Mestranza 9, 15001, A Coruña ou ao correo electrónico <secretaria.xeral@udc.gal>, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado a tal efecto, ao que se xuntará a fotocopia do seu DNI. Igualmente, poderán dirixir esta solicitude directamente ao delegado de protección de datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao

correo electrónico <dpd@udc.gal>. Igualmente, terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

XII. Información

Emprego UDC A Coruña

Casa do Estudantado, 1º andar

Campus de Elviña

Extensións: 2903, 2916

Correo electrónico:

<emprego.vee@udc.gal>

Emprego UDC Ferrol

Edificio de Apoio ao Estudo, Baixo

Campus de Ferrol

Extensións: 3618, 3617, 3616

Correo electrónico:

<emprego.vee@udc.gal>

ANEXO I

LISTAXE DE OFERTAS DE PRÁCTICAS DAS EMPRESAS COLABORADORAS

CAMPUS RURAL 2025

PRÁCTICA Nº1

NOME DA ENTIDADE	ASOCIACIÓN ACCIÓN CUARTO MUNDO
------------------	--------------------------------

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA

Título da práctica	Estudo de necesidades e recursos na comarca dos Ancares e elaboración de propostas alternativas
Descrición das tarefas	Estudo e análise —en contacto cos concellos e entidades, organizacións e axentes sociais da zona— das necesidades e os recursos existentes e o estudo de propostas de alternativas de resolución e da súa posta en valor. Definición de bases para a elaboración dun plan director ou estratéxico da zona
Municipio de realización	Navia de Suarna, con conexións cos municipios de Cervantes, Becerreá e posiblemente Pedrafita, que están a distancias próximas.
Provincia	Lugo
Nº meses duración da práctica	Tres: xuño, xullo, agosto. pero respectando as obrigas de tipo académico do alumnado no mes de xuño
Perfil do/a estudante requirido	<ul style="list-style-type: none">• 2 prazas para GRAO EN SOCIOLOXÍA
Ofrece solución habitacional?	Ofrécese colaboración para atopala
Comentarios adicionais	A entidade conta co apoio do Concello de Navia de Suarna, da Asociación de Veciños Irmandade Naviega e da Asociación de Mulleres Rurais de Navia “Leticia”

PRÁCTICA Nº2

NOME DA ENTIDADE	ASOCIACIÓN ACCIÓN CUARTO MUNDO
------------------	--------------------------------

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA

Título da práctica	Estudo de necesidades e recursos na comarca dos Ancares e elaboración de propostas alternativas
Descrición das tarefas	Estudo e análise —en contacto cos concellos e entidades, organizacións e axentes sociais da zona— das necesidades e os recursos existentes e o estudo de propostas de alternativas de resolución e de posta en valor dos recursos. Definición de bases para a elaboración dun plan director ou estratéxico da zona
Municipio de realización	Navia de Suarna, con conexións cos municipios de Cervantes, Becerreá e posiblemente Pedrafita, que están a distancias próximas.
Provincia	Lugo
Nº meses duración da práctica	3 meses: xuño, xullo, agosto. pero respectando as obrigas de tipo académico do alumnado no mes de xuño
Perfil do/a estudante requirido	<ul style="list-style-type: none">• 1 praza para calquera dos seguintes estudos:<ul style="list-style-type: none">— MÁSTER OFICIAL EN POLÍTICAS SOCIAIS E INTERVENCIÓN COMUNITARIA— MÁSTER OFICIAL EN ECONOMÍA



	— MÁSTER OFICIAL EN MÉTODOS AVANZADOS DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN NA ANÁLISE SOCIAL
Ofrece solución habitacional?	Ofrécese colaboración para atopala
Comentarios adicionais	A entidade conta co apoio do concello de Navia de Suarna, da Asociación de Veciños Irmandade Navega e da Asociación de Mulleres Rurais de Navia "Leticia"

PRÁCTICA Nº3

NOME DA ENTIDADE	ASOCIACIÓN ACCIÓN CUARTO MUNDO
------------------	--------------------------------

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA

Título da práctica	Estudo das tarefas e do papel dos/as educadores/as sociais nos municipios do rural para a mellora da convivencia, a acollida e integración de nova poboación, e análise das perspectivas de creación de emprego no rural para educadores sociais
Descrición das tarefas	<ol style="list-style-type: none"> 1. Análise crítica da realidade social da comarca e consideración do papel que pode exercer a Educación Social no medio rural. 2. Recursos existentes e carencias que se poden detectar en relación con: <ol style="list-style-type: none"> 2.1. Transmisión, desenvolvemento e promoción da cultura. 2.2. Xeración de redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais. 2.3. A mediación social, cultural e educativa. 2.4. Coñecemento, análise e investigación dos contextos sociais e educativos. 2.5. Xestión, dirección, coordinación e organización de institucións e recursos socioeducativos. 3. Ofrecer respostas innovadoras nas tarefas de integración social e comunitaria e na integración mutua relacionada con novos poboadores. 4. Ofrecer fórmulas para incluír a actividade profesional da Educación Social nos municipios de menos de 5.000 habitantes
Municipio de realización	Comarca da Ulloa, con residencia en Antas de Ulla, Palas ou Monterroso, según facilidade de aloxamento.
Provincia	Lugo
Nº meses duración da práctica	3 meses; en principio: xuño, xullo e agosto, coa posibilidade de compaxinar coas obrigas académicas en xuño
Perfil do/a estudante requirido	— 2 prazas — GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL
Ofrece solución habitacional?	Non, pero ofrécese axuda para encontrar aloxamento
Comentarios adicionais	Esta práctica ten por obxectivo dar continuidade a unha actividade de aprendizaxe e servizo desenvolvida o pasado curso na Ulloa polo alumnado de 3º curso de Educación Social e ten o apoio tanto dos concellos como de entidades, organizacións e emprendedores e emprendedoras da comarca.



PRÁCTICA Nº4

NOME DA ENTIDADE	ASOCIACIÓN ACCIÓN CUARTO MUNDO
------------------	--------------------------------

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA

Título da práctica	Estudo das tarefas e do papel dos/as educadores/as sociais nos municipios do rural para a mellora da convivencia, a acollida e integración de nova poboación e análise das perspectivas de creación de emprego no rural para educadores e educadoras sociais
Descrición das tarefas	<ol style="list-style-type: none">1. Análise crítica da realidade social da comarca e consideración do papel que pode exercer a Educación Social no medio rural.2. Recursos existentes e carencias que se poden detectar en relación con:<ol style="list-style-type: none">a. Transmisión, desenvolvemento e promoción da cultura.b. Xeración de redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais.c. A mediación social, cultural e educativa.d. Coñecemento, análise e investigación dos contextos sociais e educativos.e. Xestión, dirección, coordinación e organización de institucións e recursos socioeducativos.3. Ofrecer respostas innovadoras nas tarefas de integración social e comunitaria e na integración mutua relacionada con nova poboación.4. Ofrecer fórmulas para incluír a actividade profesional da Educación Social nos municipios de menos de 5.000 habitantes
Municipio de realización	Comarca da Ulloa, con residencia en Antas de Ulla, Palas ou Monterroso según facilidade de aloxamento.
Provincia	Lugo
Nº meses duración da práctica	3 meses; en principio: xuño, xullo e agosto, coa posibilidade de compaxinar con obrigas académicas en xuño
Perfil de estudante requirido	— MÁSTER OFICIAL EN POLÍTICAS SOCIAIS E INTERVENCIÓN COMUNITARIA
Ofrece solución habitacional?	Ofrécese axuda para encontrar aloxamento
Comentarios adicionais	Esta práctica ten como obxectivo dar continuidade a unha actividade de aprendizaxe desenvolvida o pasado curso na Ulloa polo alumnado de 3º curso de Educación Social e ten o apoio tanto dos concellos como de entidades, organizacións e emprendedores/as da comarca.

PRÁCTICA Nº5

NOME DA ENTIDADE	ASECOR XESTIÓN EMPRESARIAL S.A.
------------------	---------------------------------

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA

Título da práctica	<ul style="list-style-type: none">• 1 praza para calquera dos seguintes estudos:<ul style="list-style-type: none">— GRAO EN ADE— GRAO EN ECONOMÍA— GRAO EN CC EMPRESARIAIS— GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS
--------------------	---



Descrición das tarefas	Contabilidade, fiscal, laboral
Municipio de realización	Corcubión
Provincia	A Coruña
Nº meses duración da práctica	3 meses
Perfil do estudante requirido	Con ganas de aprender e traballar
Ofrece solución habitacional?	Non

PRÁCTICA Nº6

NOME DA ENTIDADE	ASOCIACIÓN CORRIPA E MEL OUTERELOS
-------------------------	---

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA


Título da práctica	Conservación da natureza: fauna e flora de montaña
Descrición das tarefas	Educación ambiental, investigación conservación da natureza e apicultura tradicional
Municipio de realización	Negueira de Muñiz
Provincia	Lugo
Nº meses duración da práctica	3 meses
Perfil de estudante requirido	<ul style="list-style-type: none"> • 1 praza para calquera destes estudos: — GRAO EN BIOLOXÍA — MÁSTER OFICIAL EN CONSERVACIÓN
Ofrece solución aloxamento?	Non. Hai lugares cerca con prezo módico
Comentarios adicionais	É necesario ter vehículo para chegar ao centro de traballo

PRÁCTICA Nº7

NOME DA ENTIDADE	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS XEOPARQUE MONTAÑAS DO COUREL
-------------------------	---

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA

Título da práctica	Asistencia Técnica Asociación Empresarial Xeoparque Montañas do Courel
Descrición das tarefas	Desenvolvemento do novo modelo de asociación e plan de desenvolvemento
Municipio de realización	Quiroga
Provincia	Lugo
Nº meses duración da práctica	3 meses
Perfil de estudante requirido	<ul style="list-style-type: none"> • 1 praza para calquera destes estudos: — GRAO EN ADE — GRAO EN ECONOMÍA



Ofrece solución habitacional?	Si, habitación individual con baño en albergue municipal
Comentarios adicionais	Proxecto de desenvolvemento e loita polo desenvolvemento rural

PRÁCTICA Nº8

NOME DA ENTIDADE	ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL SL-BIBEI-NAVEA
-------------------------	---

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA

Título da práctica	Grao en Dereito
Descrición das tarefas	Apoio na oficina en tarefas administrativas e laborais
Municipio de realización	A Pobra de Trives
Provincia	Ourense
Nº meses duración da práctica	3 meses
Perfil de estudante requirido	GRAO EN DEREITO
Ofrece solución habitacional?	Non

PRÁCTICA Nº9

NOMBRE DA ENTIDADE	ASOCIACION PRO RURAL GALICIA
---------------------------	-------------------------------------

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA

Título da práctica	PROXECTO IMPACTA QUIROGA
Descrición das tarefas	Proxecto piloto dunha iniciativa estruturada para a rexeneración e transformación sostible dos territorios rurais a través dunha estratexia público-privada implicando a múltiples actores: administracións autonómicas, entidades de inversión, asociacións locais, o tecido produtivo e financeiro, así como expertos/as en desenvolvemento territorial. A finalidade última é garantir a resiliencia económica, social e ambiental do territorio, aliando o capital público e privado cunha estratexia de desenvolvemento a longo prazo. Para afrontar o Reto Demográfico e cumprir co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
Municipio de realización	Quiroga- Folgoso-Ribas de Sil
Provincia	Lugo
Nº meses duración da práctica	3 meses
Perfil de estudante requirido	GRAO EN ADE
Ofrece solución habitacional?	SI – Habitación no Albergue Municipal de Quiroga



Comentarios adicionais	A Asociación Pro Rural Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, con actividade económica e experiencia dos seus membros en proxectos de desenvolvemento rural
------------------------	--

PRÁCTICA Nº10

NOME DA ENTIDADE	ASOCIACIÓN SER
------------------	----------------

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA

Título da práctica	Apoio en Asociación SER (Desenvolvemento de Iniciativas Sociais e Culturais, Nedio Natural e Formas de Vida Tradicionais)
Descrición das tarefas	<ol style="list-style-type: none"> Apoio na organización de eventos <ul style="list-style-type: none"> Coordinación e loxística de actividades (obradoiros, xornadas, encontros, mesas redondas). Contactos con participantes, relatores/as e colaboradores/as. Difusión e promoción de eventos en redes sociais e outras canles de comunicación. Colaboración na xestión de proxectos vinculados ao patrimonio. <ul style="list-style-type: none"> Investigación sobre patrimonio cultural material e inmaterial. Elaboración de materiais divulgativos (folletos, guías, contido web). Apoio na búsqueda de financiación e subvencións para proxectos. Desenvolvemento de estratexias de comunicación e creación de contidos <ul style="list-style-type: none"> Xestión de RRSS e actualización da web da asociación. Redacción de artigos, <i>newletters</i> e notas de prensa. Creación de material audiovisual para a promoción de proxectos e actividades Apoio a tarefas administrativas <ul style="list-style-type: none"> Elaboración de informes e memorias de actividades. Arquivo e xestión documental da asociación Seguemento e avaliación de proxectos en curso.
Municipio de realización	Navia de Suarna
Provincia	Lugo
Nº meses duración da práctica	3 meses
Perfil alumnado	<ul style="list-style-type: none"> 1 praza para calquera dos seguintes estudos: GRAO EN PAISAXE GRAO EN ESTUDOS DE ARQUITECTURA GRAO EN SOCIOLOXÍA GRAO TURISMO GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL. <p>Buscamos a unha persoa interesada na conservación do patrimonio, o desenvolvemento rural e a sustentabilidade.</p> <p>O/a estudante colaborará en proxectos vinculados ao territorio, tanto do sector primario como cultural ou patrimonial. As súas tarefas poderán incluír investigación sobre patrimonio e arquitectura tradicional, apoio na organización de actividades, dinamización comunitaria e comunicación.</p> <p>Valoraranse habilidades de xestión de proxectos, redacción de contidos e difusión en redes sociais. Buscamos unha persoa comprometida, dinámica, con ganas de aprender e aportar, que disfrute do traballo en equipo e interesada na preservación da cultura e o medio natural dos Ancares.</p>



Ofrece solución habitacional?	Si, na sede da Asociación.
Comentarios adicionais	Algunhas das actividades realizadas pola Asociación pódense consultar no link https://casaquindos.org

PRÁCTICA Nº11

NOME DA ENTIDADE	CELULOSAS DE ASTURIAS S.A
-------------------------	----------------------------------

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA


Título da práctica	Prácticas ENCE Navia
Descrición das tarefas	Supervisar e controlar as accións de mantemento correctivo, preventivo, predictivo da súa área de responsabilidade segundo as estratexias e directrices definidas para conseguir os resultados de seguridade, medioambiente, seguridade alimentaria, calidade e produción (volumen e custo) garantindo a dispoñibilidade, rendemento, conservación e confiabilidade dos equipos, impulsando a mellora do clima organizacional e a mellora continua en todos os procesos coa fin de alcanzar a excelencia operativa da Biofábrica
Municipio de realización	Navia
Provincia	Asturias
Nº meses duración da práctica	3 meses
Perfil de estudante requirido	GRAO EN ENXEÑARÍA INDUSTRIAL
Ofrece solución habitacional?	Non
Comentarios adicionais	Comedor subvencionado pola empresa

PRÁCTICA Nº12

NOME DA ENTIDADE	CELULOSAS DE ASTURIAS S.A
-------------------------	----------------------------------

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA

Título da práctica	Prácticas ENCE Navia
Descrición das tarefas	As principais actividades sobre as que se formará o/a estudante serán: <ul style="list-style-type: none"> • Colaborar na planificación e supervisión das actividades de mantemento. • Xestionar e analizar datos do sistema GMAO, contribuíndo á optimización dos procesos internos. • Elaborar informes e presentacións para facilitar a toma de decisións. • Formación na mellora continua da organización empresarial do departamento. • Colaboración no desenvolvemento de solucións informáticas básicas para automatizar tarefas e mellorar a eficiencia.
Municipio de realización	Navia
Provincia	Asturias



Nº meses duración da práctica	3 meses
Perfil de estudante requirido	GRAO EN ENXEÑARÍA ELÉCTRICA
ofrece solución habitacional?	Non
Comentarios adicionais	Comedor subvencionado pola empresa

PRÁCTICA Nº13

NOME DA ENTIDADE	CELULOSAS DE ASTURIAS S.A
-------------------------	----------------------------------

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA

Título de la práctica	Prácticas ENCE Navia
Descrición das tarefas	<p>As principais actividades sobre as que se formará serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Colaborar na planificación e supervisión das actividades de mantemento. • Xestionar e analizar datos do sistema GMAO, contribuíndo á optimización dos procesos internos. • Elaborar informes e presentacións para facilitar a toma de decisións. • Formación na mellora continua da organización empresarial do departamento. • Colaboración no desenvolvemento de solucións informáticas básicas para automatizar tarefas e mellorar a eficiencia.
Municipio de realización	Navia
Provincia	Asturias
Nº meses duración da práctica	3 meses
Perfil de estudante requirido	GRAO EN ENXEÑARÍA ELECTRÓNICA INDUSTRIAL E AUTOMÁTICA
Ofrece solución habitacional?	Non
Comentarios adicionais	Comedor subvencionado pola empresa

PRÁCTICA Nº14

NOME DA ENTIDADE	CELULOSAS DE ASTURIAS S.A
-------------------------	----------------------------------

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA

Título da práctica	Prácticas ENCE Navia
Descrición das tarefas	<p>Supervisar e controlar as accións de mantemento correctivo, preventivo, predictivo da súa área de responsabilidade de acordo ás estratexias e directrices definidas para conseguir os resultados de seguridade, medioambiente, seguridade alimentaria, calidade e produción (volumen e custo) garantizando a dispoñibilidade, rendemento, conservación e confiabilidade dos equipos, impulsando a mellora do clima organizacional e a mellora continua en todos os procesos a fin de alcanzar a excelencia operativa da Biofábrica</p>
Municipio de realización	Navia
Provincia	Asturias



Nº meses duración da práctica	3 meses
Horas semanais	
Perfil de estudante requirido	GRAO EN ENXEÑARÍA EN TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS
Ofrece solución habitacional?	Non
Comentarios adicionais	Comedor subvencionado pola empresa

PRÁCTICA Nº15

NOME DA ENTIDADE	CELULOSAS DE ASTURIAS S.A
-------------------------	----------------------------------

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA

Título da práctica	Prácticas ENCE Navia
Descrición das tarefas	As principais actividades sobre as que se formará serán: — Colaborar na planificación e supervisión das actividades de mantemento. — Xestión e análise de datos do sistema GMAO, contribuíndo á optimización dos procesos internos. — Elaborar informes e presentacións para facilitar a toma de decisións. — Formación na mellora continua da organización empresarial do departamento. — Colaboración no desenvolvemento de solucións informáticas básicas para automatizar tarefas e mellorar a eficiencia
Municipio de realización	Navia
Provincia	Asturias
Nº meses duración da práctica	3 meses
Perfil de estudante requirido	GRAO EN ENXEÑARÍA MECÁNICA
Ofrece solución habitacional?	Non
Comentarios adicionais	Comedor subvencionado pola empresa

PRÁCTICA Nº16

NOME DA ENTIDADE	CELULOSAS DE ASTURIAS S.A
-------------------------	----------------------------------

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA

Título da práctica	Prácticas ENCE Navia
Descrición das tarefas	A persoa seleccionada formarase no uso diario das ferramentas de xestión de incidencias e das ferramentas administrativas dos sistemas informáticos utilizados. Ademais, colaborará baixo a titoría do persoal técnico da área: na xestión de incidencias das persoas usuarias, a implantación do plan mestre de ciberseguridade da compañía e formarase nas aplicacións implantadas.
Municipio de realización	Navia
Provincia	Asturias
Nº meses duración da práctica	3 meses
Perfil de estudante requirido	GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA



Ofrece solución habitacional?	Non
Comentarios adicionais	Comedor subvencionado pola empresa

PRÁCTICA Nº17

NOME DA ENTIDADE	CELULOSAS DE ASTURIAS S.A
------------------	---------------------------

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA

Título da práctica	Prácticas ENCE Navia
Descrición das tarefas	Supervisar e controlar as accións de mantemento correctivo, preventivo, predictivo da súa área de responsabilidade de acordo as estratexias e directrices definidas para conseguir os resultados de seguridade, medioambiente, seguridade alimentaria, calidade e produción (volumen e custo) garantindo a disponibilidad, rendemento, conservación e confiabilidade dos equipos, impulsando a mellora do clima organizacional e a mellora continua en todos os procesos coa fin de alcanzar a excelencia operativa da Biofábrica
Municipio de realización	Navia
Provincia	Asturias
Nº meses duración da práctica	3 meses
Perfil de estudante requirido	MÁSTER OFICIAL EN ENXEÑARÍA INDUSTRIAL
Ofrece solución habitacional?	Non
Comentarios adicionais	Comedor subvencionado pola empresa

PRÁCTICA Nº18

NOME DA ENTIDADE	CELULOSAS DE ASTURIAS S.A
------------------	---------------------------

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA

Título da práctica	Prácticas ENCE Navia
Descrición das tarefas	A persoa seleccionada formarase no uso diario das ferramentas de xestión de incidencias e das ferramentas administrativas dos sistemas informáticos utilizados. Ademais, colaborará baixo a titorización do persoal técnico da área na: xestión de incidencias das persoas usuarias, a implantación do plan director de ciberseguridade da compañía e formarase nas aplicacións implantadas.
Municipio de realización	Navia
Provincia	Asturias
Nº meses duración da práctica	3 meses
Perfil de estudante requirido	MÁSTER OFICIAL EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA
Ofrece solución habitacional?	Non
Comentarios adicionais	Comedor subvencionado pola empresa



PRÁCTICA Nº19

NOME DA ENTIDADE	CONCELLO DA ARNOIA
------------------	--------------------

INFORMACIÓN DA PRÁCTICA

Título da práctica	Proxecto viabilidade promoción turística do Concello da Arnoia
Descrición das tarefas	Proxecto viabilidade, sobre patrimonio e termalismo obxecto promoción municipal
Municipio de realización	A Arnoia
Provincia	Ourense
Nº meses duración da práctica	3 meses (xuño a agosto)
